

# ÍNDICE

## 1) INTRODUCCIÓN

## 2) MARCO LEXISLATIVO

## 3) CONTEXTUALIZACIÓN E ANALISE DA SITUACIÓN DO CENTRO

- Puntos fortes
- Puntos débiles

## 4) OBXECTIVOS

### **OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLTOS A TRAVÉS DO PLAN.**

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

4.2. Prevenção, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.


4.4. Prevenção, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.

## 5) ACTUACIÓNS CONCRETAS.

## 6) SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

Indicadores de medida

Instrumentos de avaliación




## 1) INTRODUCCIÓN

O Plan de Igualdade pretende educar na igualdade e contribuir a eliminar os estereotipos sociais relativos aos roles de xénero, axudar ao alumnado a desenvolver uns valores básicos e obter un equilibrio no seu desenvolvemento persoal; tendo a diversidade como un valor enriquecedor e como eixe vertebrador da proposta. Unha educación para a igualdade debe estar centrada no fomento do traballo en grupo, o diálogo, as relacións afectivas, a resolución de conflitos, o respecto e a cooperación, incidindo na toma de conciencia de que todos e todas teremos os mesmos dereitos e as mesmas oportunidades. Para mellorar a sociedade onde vivimos e a educación do noso alumnado faise importante o desenvolvemento deste plan, para o cal, no centro contamos coa boa predisposición de todo o profesorado, querendo involucrar a toda a comunidade educativa, neste viaxe cara un obxectivo común; dende o profesorado, persoal laboral, familias e, especialmente, o propio alumnado.

Para que así sexa, o Plan de Igualdade basearase nos seguintes principios:

- Valores democráticos. A coeducación como modelo educativo que garante os valores sobre os que se sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza), garantindo a defensa dos dereitos humanos de cada unha das persoas.
- Transversalidade. Integrando a perspectiva de xénero no proxecto educativo.
- Inclusión. Buscando a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado.
- Igualdade de oportunidades. Axudando na construción dunha sociedade libre na que cada persoa teña as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.
- Visibilidade. Transmitindo un coñecemento libre de estereotipos que favoreza a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero. Dende o centro, preténdese plasmar xa no PE, na PXA, no noso Plan de Convivencia e,



de forma xeral, en cada un dos documentos de centro, que educar é formar ao alumnado para que adquira todas as competencias necesarias nunha sociedade de cambios onde necesariamente debemos camiñar cara a igualdade real de oportunidades e de dereitos dentro dunha sociedade plural e aberta.


## 2) MARCO LEGISLATIVO

A igualdade de xénero é un principio fundamental que vén recollido na lei. As administracións públicas deben ser un motor fundamental para garantir a igualdade de oportunidades de mulleres e homes, co fin de mellorar o nivel e a calidade de vida das persoas e avanzar cara a unha sociedade máis democrática e xusta. O marco legislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo.

No preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos e prexuízos sexistas.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade de mulleres e homes establece no artigo 23, “a educación en igualdade de mulleres e homes”, e no artigo 24, “a integración do principio de igualdade na política de educación”.

O artigo 17 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade establece as medidas a prol dunha educación en igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación.




O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (27 de xullo de 2017) recolle no seu punto 170 que se promoverá a aprobación de plans de igualdade nos centros de ensino nas etapas de educación primaria e secundaria obrigatoria. Entre os principios informadores e fins das normas de convivencia recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes. tamén se tivo en conta a seguinte lexislación e a normativa:

*Lexislación Estatal:*


- Constitución Española de 1978
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno (BOE 14/10/2003. Núm. 246)
- Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE 29/12/2004. Núm. 313) - Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE 23/03/2007. Núm. 71)
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

*Lexislación Autonómica*

- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG 3/08/2004. Núm. 149)
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG 13/04/2007. Núm. 72)



- Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG 7/08/2007. Núm. 140)
- V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes (2007-2010).
- VI Plan Galego para a igualdade entre homes e mulleres. (Estratexia 2013 - 2015)
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte a violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. Observatorio Galego de Violencia de Xénero (2017).
- VII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.



### 3) CONTEXTUALIZACIÓN E ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO

- Número de alumnas: 153 número de alumnos: 157.
- Claustro maioritariamente feminino: 23 mulleres/3 homes.
- Persoal laboral. Mulleres: 6 Homes: 1.
- Consello escolar: 2 homes e o resto mulleres con participantes maioritariamente femininas
- Crecente sensibilización e coñecemento con respecto a referentes femininos en distinto ámbito, igualdade, visibilidade LGBTI, etc.
- Presencia e visibilidade dos fondos documentais coeducativos da biblioteca.
- Realización do curso de formación do profesorado “Modulo 0” de Igualdade, Convivencia e Inclusión” por parte dunha gran maioría do claustro .
- Alto nivel de implicación nas propostas en materia de igualdade.
- Crecente nivel de interese e achegamento de propostas relacionadas coa igualdade, e a identidade de xénero por parte da ANPA.


#### 1. Puntos fortes

O noso centro está sensibilizado ante a violencia de xénero e tenta, na medida do posible, traballar para afrontar os desequilibrios que se dan arredor do xénero.

-Potenciamos o uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista, tanto nos documentos de comunicación interna como externa do centro escolar.

-Favorecemos una linguaxe inclusiva nas relacións interpersoais entre iguais e adultos.

-A maioría do profesorado realizou a formación do Modulo de “Igualdade, convivencia e Inclusión”



-Utilizamos imaxes nas que homes e mulleres sexan valorados en igualdade fuxindo de estereotipos sexistas.

-Fomentamos o uso de materiais didácticos que non presenten linguaxe, contido ou imaxes sexistas propoñendo alternativas cando se detectan elementos deste tipo.

-Fomentamos formas de estar e convivir baseadas no respecto, no diálogo e no coidado para previr a violencia de xénero. Incluímos nas nosas actividades distintos modelos de familia de forma normalizada. Os espazos están abertos a nenos e nenas sen distinción, agás os aseos e vestiarios.


-Organizamos actividades no día 25 Nov,8 de marzo,etc..

## 2. Puntos débiles

No noso centro temos un número elevado de alumnado marroquí no que, na súa cultura e tradición, as mulleres non teñen un papel importante e temos que loitar para que, sobre todo os nenos, entendan que a nosa cultura é diferente e homes e mulleres temos os mesmos dereitos e deberes e non debemos ser discriminados polo noso sexo.

### SITUACIÓNS DE DESEQUILIBRIO

Cumprir a paridade nos órganos de decisión a nivel de país e nais non é problema. No caso de mestres e mestras faise casi imposible, dado que o número de mestres é moi inferior ao número de mestras. En Educación Infantil temos escolarizados 30 nenos e 44 nenas. En Educación Primaria son 157 nenos e 153 nenas. Temos 5 adaptacións curriculares (todos nenos). A diferenza máis significativa está no alumnado con materias suspensas, neste caso podemos falar dun desequilibrio notable. No patio, segundo medran os nenos e nenas, nótase que a maioría dos rapaces tenden a actividades máis deportivas (en concreto fútbol) e as rapazas a outros xogos máis tranquilos. Para diversificar os deportes e xogos nos patios estanse a implantar os patios activos.



Cos patios dinámicos, espérase que a diversificación e participación de ambos sexos vaia facéndose máis palpable e trasladándose a outros ámbitos de desequilibrio, como son as actividades extraescolares que citamos.

#### 4) OBXECTIVOS

##### OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLTOS A TRAVÉS DO PLAN.

8

###### 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Sensibilizar ao profesorado da necesidade de realizar cambios que permitan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Introducir na escola conceptos, procedementos e actitudes relativas á igualdade e á conciliación da vida familiar, persoal e laboral.

Fomentar unha linguaxe oral na que se inclúan ambos sexos e na que non existan prexuízos sexistas á hora de nomear tarefas domésticas, profesións... e en xeral estereotipos que seguen inmersos na linguaxe cotiá.

Desmitificar as tarefas femininas e/ou masculinas.

Facilitar a utilización igualitaria de espazos no recreo para nenos e nenas.

###### 4.2. Prevenición, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

Detectar actitudes sexistas que aínda prevalezan na escola e modificalas.


Previr a violencia dende as idades máis temperás.

Axudar e ensinar a resolución de conflitos sen violencia.

Educar na diversidade como unha realidade enriquecedora da sociedade e na empatía.

Promover condicións escolares que favorezan prácticas educativas correctoras de estereotipos de dominación e dependencia.





Facilitar un maior coñecemento das diferenzas entre nenos e nenas, homes e mulleres, que permita evitar e corrixir as discriminacións que de aquelas se derivan.

#### 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

Sensibilizar ao profesorado da necesidade de realizar cambios na visión de familia tradicional, incluíndo a diversidade familiar (e dentro dela a diversidade afectivo-sexual) como unha esencia fundamental da nosa sociedade.

Introducir na escola conceptos, procedementos e actitudes relativas a tal diversidade.

Desmitificar os estereotipos de amor romántico e tradicional, que orixine respecto eliberdade do sentir diverso.

#### 4.4. Prevenición, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.

Detectar actitudes de discriminación por motivo de diversidade afectivo-sexual propia ou familiar e intervir para modificalas.

Previr a violencia dende as idades máis temperás.


Axudar e ensinar a resolución de conflitos sen violencia.

Educar na diversidade como unha realidade enriquecedora da sociedade e na empatía.

Facilitar un maior coñecemento da diversidade afectivo-sexual, que permita evitar e corrixir as discriminacións que dela se derivan

### **5) ACTUACIÓNS CONCRETAS**


- Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade dentro do *Consello Escolar*:
- Difusión do plan entre toda a comunidade educativa.



- Promoción de formación do profesorado, alumnado e familias: realizaránse diferentes formacións/proxectos encamiñados á sensibilización da diversidade como unha realidade enriquecedora da sociedade e cara á promoción da igualdade entre homes e mulleres.
- Inclusión de forma explícita da perspectiva de xénero, identidade e diversidade afectivo-sexual nos documentos de centro.
- Revisión da linguaxe nos documentos e comunicacións de centro.
- Organizamos actividades polo día contra a violencia de xénero e polo día 25 de Novembro. Participamos en actividades organizadas polo concello.
- Elaboración de cuestionarios e/ou recopilación de datos que completen a avaliación de diagnose.
- Difusión do plan de igualdade entre a comunidade educativa con especial atención ás familias (reunión, comunicacións, web do centro, etc.)
- Promoción da formación en material de igualdade para o profesorado e o alumnado así como tamén para familias apoiados pola ANPA.
- Conmemoración con actividades significativas das datas coeducativas do calendario escolar.
- Promoción e proposta de celebración da semana da diversidade arredor das celebracións LGBTI mais desplazada no calendario por coincidencia coa fin do curso escolar.

Estes anos vimos realizando diferentes actividades para resaltar o papel importante de mulleres como este curso que no entroido elaboramos unha MECA de sexo feminino.

Como novidade instalaremos un **Banco da igualdade e da Inclusión**, coa decoración dun arco da vella, no que se sentaran os alumnos que estén sos u tristes para que o resto do alumnado poidan invitalos a xogar e acompañalos emocionalmente.



## 6) SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para avaliar o traballo desenvolvido teremos en conta tres dimensións:

- O proceso: avalíase o grao de cumprimento das accións planificadas, esencialmente a través das actividades e tarefas realizadas,
- Os resultados: mediranse o nivel de consecución dos obxectivos e o grao de execución das accións.
- O impacto: valorarase o calado do plan na dinámica de centro e comunidade educativa.

11

### Indicadores de medida


Para avaliar o nivel de implementación do plan tendo en conta as tres dimensións anteriormente nomeadas empregaranse indicadores de medida tales coma:

- Nivel de consecución dos obxectivos.
- Número de medidas adoptadas (finalizadas, en proceso, iniciadas e non iniciadas)
- Dinámicas de traballo xeradas.
- Nivel de incidencia ou impacto en aulas, centro e comunidade educativa.
- Grao de desenvolvemento de accións educativas e materiais.
- Problemas ou incidencias detectadas.
- Nivel de implicación dos distintos axentes da comunidade educativa.
- Valoración global do desenvolvemento.

### Instrumentos de avaliación

Para un rexistro coherente e obxectivábel da avaliación empregaranse instrumentos coma:


- Enquisas e cuestionarios: As enquisas e cuestionarios a alumnado, equipo docente e familias ou responsables do alumnado son unha opción sinxela e útil á hora de avaliar o desenvolvemento das distintas accións educativas e o nivel de implicación ou satisfacción tanto durante o proceso coma na conclusión do mesmo.
- Portafolio ou memoria: Recollida anual de accións significativas desenvolvidas.



***Ceip Manuel Mato Vizoso.***

***Curso 2019-2020.***

<b>Avaliación do desenvolvemento do plan de igualdade</b>				
(Indicadores de logro)				
	1	2	3	4
Analizouse a presenza de linguaxe sexista nos documentos do centro?				
Analizouse a presenza de estereotipos de xénero nos documentos do centro?				
Realizouse unha enquisa ao profesorado?				
Avaliouse o uso dos espazos do centro?				
Eliminouuse a linguaxe sexista das comunicacións ao profesorado e familias?				
As Normas de Organización e Funcionamento (NOFC) están redactadas cunha linguaxe non sexista?				
O profesorado perfeccionou o uso correcto da linguaxe non sexista?				
O profesorado evitou todo o posible, as imaxes estereotipadas sobre os roles de xénero nos distintos materiais?				
Introduciuse, como mínimo, unha imaxe que contradiga os roles de xénero tradicionais por materia?.				
Incluíronse como mínimo tres referentes femininos por materia?				



Organizouse, como mínimo, unha actividade complementaria conxunta (unha en infantil e outra en primaria) por trimestre, na que se puxo en valor o papel da muller, ben fora na historia, na literatura, nas ciencias, na arte, etc?.				
Empregouse, como mínimo, unha titoría ao mes para traballar especificamente a igualdade?.				
Organizáronse xogos alternativos ao fútbol en, como mínimo, un recreo á semana?.				
Adquiríronse suficientes libros coeducativos para a biblioteca do centro segundo criterio do claustro?				
Revisáronse as lecturas recomendadas desde as diferentes materias, dende a perspectiva de xénero?				
Promocionáronse as lecturas coeducativas dende as diferentes materias?				
Traballouse co alumnado, dalgunha maneira, a identificación de sexismo nas lecturas?				
Promocionouse a resolución pacífica dos conflitos?				

Sendo 1 Indicador de logro baixo e progresivamente aumentar o nivel de logro ata o 4 que é o máximo.